



Guía Docente						
Datos Identificativos				2014/15		
Asignatura (*)	Literatura Española dos Séculos XVIII e XIX		Código	613G01036		
Titulación	Grao en Español: Estudios Lingüísticos e Literarios		Descriptores			
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6		
Idioma	Castelán					
Prerrequisitos						
Departamento	Filoloxía Española e Latina					
Coordinación	Caparros Esperante, Luis	Correo electrónico	luis.caparros@udc.es			
Profesorado	Caparros Esperante, Luis	Correo electrónico	luis.caparros@udc.es			
Web						
Descripción xeral	Estudo de autores, obras, períodos e movementos literarios más significativos ou representativos da literatura española dos séculos XVIII e XIX.					

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A16	Coñecer a crítica textual e a edición de textos.
A17	Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua española.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacóns (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.

Resultados da aprendizaxe		
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación	
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.	A1	
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.	A2	
Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.	A10	
Ser capaz de identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.	A14	
Coñecer a crítica textual e a edición de textos.	A16	
Ter un coñecemento avanzado das literaturas en lingua española.	A17	
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de procura de información.	B1	
Adquirir capacidade de autoformación.	B3	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.	B6	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.	B7	
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacóns (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.	C3	



Contidos	
Temas	Subtemas
1. A paisaxe literaria, entre Ilustración e Romanticismo.	1.1. Introducción e conceptos. 1.2. Análises de paisaxes líricas. 1.3. A paisaxe na arte da época.
2. O amor romántico e a muller.	2.1. Olladas femininas, olladas masculinas. 2.2. De Teresa a Julia: as musas líricas. 2.3. O amour fou no drama romántico. 2.4. Representacións do amor e da muller na arte da época.
3. A invención da realidad.	3.1. A teoría da novela en Galdós, Clarín e Pardo Bazán. 3.2. Insolación, de Pardo Bazán, como síntoma. 3.3. A representación gráfica e artística do Realismo.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	10	10	20
Obradoiro	10	5	15
Discusión dirixida	17	18	35
Traballos tutelados	0	30	30
Proba obxectiva	1	45	46
Atención personalizada	4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Sesións de trabalho en que o profesor contextualiza e explica as metodoloxías e contidos necesarios para que o alumnado poda desenvolver o seu traballo posterior. A sesión maxistral ten carácter teórico e expositivo.
Obradoiro	Sesións de trabalho en que o conxunto do alumnado realiza diferentes actividades, derivadas dos contidos das sesións maxistrais, e desenvolve destrezas relacionadas cos obxectivos e contidos da materia: análise de documentos, exposicións, textos comentados, prácticas mediante TIC, probas varias? O obradoiro ten un carácter eminentemente metodolóxico e práctico.
Discusión dirixida	Discusión aberta, activa e participativa dos temas desenvolvidos nas aulas. Enténdese como complementaria da asistencia activa durante o curso. Requiere lectura previa das obras.
Traballos tutelados	Traballo escrito, available, tutelado polo profesor, que no seu caso poderá ser defendido e comentado na aula.
Proba obxectiva	Proba escrita (exame), realizada á final de curso, nas datas oficiais marcadas, en que se deberá demostrar o dominio dos contidos e destrezas traballados nas sesión maxistrais e tamén nos obradoiros e discusións dirixidas. Pode incluír un control das lecturas obligatorias.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Obradoiro	Para alén da atención individualizada nas sesións presenciais, durante as horas de atendimento do profesorado, o/a estudiante recibirá a guía e axuda que precisar.
Sesión maxistral	
Discusión dirixida	
Traballos tutelados	

Avaliación		
Metodoloxías	Descripción	Cualificación



Proba obxectiva	Proba escrita (exame), realizada á final de curso, nas datas oficiais de xuño e de xullo, en que se deberá demostrar o dominio dos contidos e destrezas traballados nas sesión maxistrais e tamén nos obradoiros e discusións dirixidas. Pode incluír un control das lecturas obligatorias.	50
Sesión maxistral	A asistencia e a participación activa nas sesións maxistrais será controlada e available de maneira continuada.	15
Traballos tutelados	Traballo puntuable, escrito, escollido coa tutela do profesor, que no seu caso poderá ser defendido e discutido na aula.	35

Observacións avaliación



Por esixencias do deseño desta aplicación, as anteriores porcentaxes son orientativas. A cualificación final responderá ao seguinte reparto porcentual:

1. O 50% da cualificación final obterase pola proba obxectiva escrita (exame) que cada estudiante realizará ao finalizar a materia. En

todo caso, para aprobar unha materia deberase

obter unha puntuación mínima de 4 sobre 10 nesta proba escrita que, como se ve, en ningún caso suporá o 100% da nota final. (Por exemplo, un 3 no exame non se compensaría cunha suma de 7 por traballos tutelados e por asistencia e participación.) Os exames realizaranse en data, hora e lugar establecidos polos horarios oficiais do centro.

2. O 35% obterase pola realización dun traballo escrito, tutelado polo profesor, que no seu caso sería exposto e debatido nas aulas.

3. O 15% restante corresponde á asistencia,

participación e desempeño de cada estudiante no decorrer do curso. A tal fin, estableceranse controis periódicos de asistencia. Observaranse asemade o aproveitamento e evolución, a dinámica na aula e todo aquilo que implica aprendizaxe colaborativa e traballo en grupo.

4. A cualificación final en cada unha das dúas

oportunidades (xuño e xullo) será froito dunha avaliación semellante, mediante un exame e probas obxectivas para as actividades desenvolvidas no curso, xunto ao control de asistencia e de participación.

5. A convocatoria oficial de exame, tanto en

xuño como en xullo, significa a necesidade ineludible da súa realización para obter cualificación e, por tanto, no caso de xullo, será independente de calquera exame anterior. No caso dos traballos tutelados, polo contrario, a súa avaliación positiva será gardada para a cualificación da segunda convocatoria, a de xullo. En caso de estar suspensos ou non realizados, deberán ser feitos e entregados antes das probas pertinentes.

6. O alumnado a tempo parcial ou con dispensa

académica recoñecida deberá comunicar por escrito ao profesor a súa situación, coa certificación correspondente, en canto comece o curso ou sexa efectiva a matrícula. En cada caso estudaranse as actividades que se determinen.

7. As probas escritas e as actividades deben

cumprir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística (acentuación, ortografía correcta, puntuación, concordancia sintáctica, inexistencia de reiteracións, precisión léxica, ausencia de abreviaturas, rexistro formal). As deficiencias na ortografía e na redacción serán penalizadas na cualificación con medio punto por falta.

8. No caso de estudiantes de lingua estranxeira,

será indispensable un dominio razonable da lingua española, tanto en expresión oral como escrita, equivalente en todo caso ao nivel B2.

9. O alumnado será

avaliado e cualificado sempre que acuda ao exame. Por tanto, recibirán cualificación de Non Presentado (N. P.) aquellas persoas non presentadas a ningunha proba oficial escrita.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Varios (varios). HCLE (volúmenes 4, 5 y 4/1 y 5/1) . Barcelona: Crítica
Bibliografía complementaria	



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

A bibliografía anterior completarase para cada tema no transcurso das aulas.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías